

FEIRA DE ORIENTACIÓN DA

U. VIGO !!!!!

Xornada de Orientación Universitaria 2017 que terá lugar no campus de Vigo da universidade (Campus Lagoas Marcosende, CUVI). O obxectivo desta Feira é informar e orientar aos estudantes de 4º da ESO, bacharelato e ciclos superiores de FP para que a elección dos seus estudos sexa a máis acertada posible.

Que día se celebrará?

O 26 de xaneiro, de 10 a 15:00.

En que consistirá a Xornada?

- **Sesións Informativas** Terán lugar na Facultade de Filloxía e Tradución. Mostraremos as titulacións dos tres campus da Uvigo e os detalles máis importantes das mesmas.
- **Stands:** simultaneamente no Pavillón de deportes da universidade de Vigo situaremos mesas informativas onde representantes de cada Facultade /Escola (profesores e alumnos) atenderán ás dúbidas concretas dos voso estudiantado

Que vantaxes ten esta actividade sobre as visitas ao campus?

O alumnado que acuda a esta xornada poderá ter acceso ás titulacións dos tres Campus das Universidade e non só do campus de Vigo. Por tanto, é unha Xornada ideal para o alumnado indeciso ou que dubide entre varias titulacións ... Tamén para estudantes que xa teñan clara a súa vocación porque no stand poderán profundizar no coñecemento da titulación que elixiron.

Como me inscribo?

A través do noso formulario que podes atopar aquí.

<https://goo.gl/forms/8l6OmbS5ud7Llyxq1>

Estará aberto **ata o 15 de decembro**. Peticións posteriores deberán ser realizadas ao mail siope@uvigo.es e valoraranse en función da dispoñibilidade

Que se estuda na U. Vigo?